PAG: S23SR04 -- EDI: SEP23



# Constenla en humanas proporcións



A última edición do premio de narrativa 'Torrente Ballester' foi para un entón descoñecido Xesús Constenla Doce por *As humanas proporcións*, unha colección de relatos sobre os labirintos cotiás. Agora publícao Galaxia. Recordos, tenrura perversa pero tamén crueldade son algunhas das carectrísticas coas que Constenla (Ferrol, 1963) traballa a través dunha prosa sinxela e directa, non exenta de misterio. Contos breves que suxiren máis que executan, con personaxes creados a partir de alentos. ''Unha porposta arriscada, moderna e con raíces na narrativa de sempre'', dixo dela Ponte Far.